

SOLICITUDE COMEDOR ESCOLAR 24/25

D/Dona.....con D.N.I.....
E con domicilio en
sendo pai/nai/representante legal do/a/os/as alumno/a/os/as matriculado/a neste Centro e que constan a continuación, **SOLICITA** que sexa/n admitido/a/os/as para o vindeiro curso escolar no comedor do Centro.

A) **DATOS DO ALUMNADO:** Cubra os seguintes datos e marque cun “X” os días fixos da semana nos que o alumno/a/os/as fará/n uso do Servizo de Comedor durante todo o curso escolar

CURSO	APELIDOS E NOME	ALERXIAS *	L	M	M	X	V

Observacións alerxias/intolerancias (achegar informe médico se non consta no Centro): Si / Non

B) **DOMICILIO FAMILIAR / LUGAR DE TRABAJO:** Marca cun “X” o que corresponda:

- O domicilio familiar está situado dentro da área de influencia (Donas e Borreiros) e a máis de 2 km do centro escolar. (11 puntos)
- O domicilio familiar está situado dentro da área de influencia e a menos de 2 km do centro escolar (10 puntos)
- O domicilio familiar está situado fóra da área de influencia (9 puntos)
- O lugar de traballo está situado dentro da área de influencia . (8 puntos)

C) **BAREMACIÓN:** Para a selección de usuarios do comedor escolar, en caso de que haxa máis solicitudes que prazas, establécese a orde seguinte de preferencia. A situación de comensais esporádicos non se contempla para o comedor (**marque os criterios que corresponda coa situación do alumnado**):

- 1- Alumnado pertencente a unidades familiares que se atopen en **situación socioeconómica de exclusión social** (certificado dos Servizos Sociais Municipais). (7 puntos)
- 2- Alumnado **usuario do servizo de comedor no curso escolar anterior** (Sempre con certificado de traballo dos dous proxenitores e con **incompatibilidade dos seus horarios laborais** co horario de saída do seu fillo/a ao mediodía) e alumnado de **nova incorporación que sexa irmán/á** destes usuarios de comedor. (6 puntos)
- Ten preferencia alumnado que fai uso os 5 días da semana. No caso de usuarios actuais que fan uso en días alternos perderán o seu dereito fronte aos que precisen todos os días.

Terán que acreditarlo documentalmente mediante a seguinte documentación: informe de vida laboral, expedido polo organismo laboral competente / Certificado da Unidade de persoal á que pertenza o empregado público / Certificación da empresa, xustificativa da duración de xornada e o horario de traballo / Certificación xustificativa de alta no IAE, e unha declaración responsable, sobre a vixencia da actividade económica, e o horario que require a actividade, para o caso de traballadores por conta propia.

- 3- Alumnado que teña unha **discapacidade** igual ou superior ao 33% (certificado de discapacidade). (5 puntos)
- 4- Alumnado membro de **familias numerosas**, acreditado co correspondente título ou carné expedido para o efecto. (4 puntos)
- 5- Alumnado **fóra da área de influencia cuxos proxenitores traballan** (alumnado cuxo domicilio está situado fóra da área de influencia do Centro). (3 puntos)
- 6- **Alumnado que non estea dentro dos anteriores apartados**, incluído aos escolarizados fóra da área de influencia que lles correspondería . (2 puntos)

D) PREZOS: O prezo diario (gratuíto, 1€, 2,5€ ou 4,5€) dependerá da renda neta per cápita familiar (**VER ANEXO II MODELO DE AUTODECLARACIÓN**).

E) REGULAMENTO: Existen unhas normas que regulan o funcionamento do comedor que se poden consultar na páxina web do Centro. Poden ser causa de baixa no servizo:

- Non estar ao corrente dos pagos: non se poderá facer uso do comedor mentres non se regularicen os pagos pendentes.
- Non asistir durante un mes de xeito continuado coa frecuencia solicitada agás causas debidamente xustificadas ante a Dirección.
- Non comunicar en 3 ocasións a súa ausencia, antes das 9:45 h. do día que deba ter efecto, poderá ocasionar ser suspendido pola Dirección do dereito ao uso do servizo durante 10 días.
- Mal comportamento reiterado do alumnado.

F) NÚMERO DE PRAZAS MÁXIMAS AUTORIZADAS E CONCEDIDAS: 95 prazas.

G) DOCUMENTACIÓN A ENTREGAR:

- **O impreso de solicitude cuberto e asinado xunto co Modelo de Autodeclaración (Anexo II).**
- **A documentación xustificativa** correspondente para a selección e admisión.
O alumnado pertencente a unidades familiares que se atopen en situación socioeconómica de exclusión social ou que teña unha discapacidade igual ou superior ao 33%, terán o comedor gratuíto e non cubrirán o Anexo II.

H) PRAZOS:

- Entrega de solicitudes, Anexo II e documentación xustificativa: **do 27 de maio ao 17 de xuño. (Por correo electrónico: avisos.ceip.souto.donas@edu.xunta.gal)**
- Publicación da listaxe provisional de admitidos e reservas: 28 de xuño. O alumnado que quede en reserva será avisado telefonicamente ou por abalar.
 - Reclamacións: prazo de 5 días despois da publicación provisional.
 - Publicación da listaxe definitiva de admitidos e reservas: a partir do 5 de xullo.
 - O Centro publicará unha listaxe provisional/definitiva de admitidos e reservas no taboleiro de anuncios.

I) ANULACIÓN DE MENÚS: Débense anular os menús coa maior antelación posible e sempre xustificando a ausencia. **A anulación no propio día debe realizarse antes das 9:45h. por correo electrónico a avisos.ceip.souto.donas@edu.xunta.gal indicando no asunto, "anulación comedor + nome do alumno/a" + curso.**

J) PAGAMENTOS: Para aqueles comensais que lles corresponda, faranse mensualmente, na conta indicada pola empresa adxudicataria do servizo, nos dez primeiros días de cada mes. O incumprimento do pago impedirá a utilización do comedor no mes seguinte por parte do usuario.

A falsidade nalgún dos datos requiridos conlevará á perda do dereito á praza do comedor.

Ante calquera dúbida, podedes consultar co Centro.

Donas, de.....de

Asdo. pai/nai/titor/a legal: